



### Requisitos de participación

- As persoas competidoras serán alumnos/as matriculados/as en ciclos formativos de formación profesional en centros sostidos con fondos públicos de Galicia que voluntariamente queiran participar.

Terán unha idade máxima de 21 anos feitos durante o ano 2020, coa excepción do skill de Mecatrónica, no que os/as participantes terán como máximo 24 anos feitos durante o 2020.

A participación en cada modalidade de competición será individual, agás nas modalidades de Mecatrónica e de Xardinaría paisaxística, nas que participarán en equipos de dúas persoas por centro.

- Con carácter xeral, cada centro educativo poderá presentar un máximo dun competidor ou equipo por competición, excepto nas modalidades de Tecnoloxía da moda, de Deseño e animación de xogos 3D, e de Pintura e decoración.

Será o centro quen determine o sistema de selección dos/das competidores/as.

O número mínimo de centros educativos inscritos en cada competición será de catro (excepcionalmente poderá autorizarse un número menor). En calquera dos casos, o número de competidores non será menor de catro.

- A persoa competidora irá acompañada dun profesor ou unha profesora do centro, que exercerán a súa titoría e se encargarán da súa preparación para a competición.
- Deberá haber un compromiso do centro e do/da titor/a para preparar e formar o alumnado gañador de cara á súa participación no campionato nacional da formación profesional Spainskills, que se celebrará en Madrid en 2021, e, de ser o caso, para as competicións internacionais.
- Os/as competidores/as non poderán ter participado na fase nacional desta competición con anterioridade á presente convocatoria.

### Solicitud de inscripción

Os centros que queiran presentar competidores/as a calquera das competicións deberán facer efectiva a súa participación en Galiciaskills 2020 cubrindo unha solicitude de inscripción por cada skill no que participen.

### Prazo de inscripción

A solicitude de inscripción deberá remitirse antes do día 31 de marzo de 2020 ao seguinte enderezo de correo electrónico: [galiciaskills@edu.xunta.gal](mailto:galiciaskills@edu.xunta.gal)